

GALA DF 2006

RAMÓN SÁNCHEZ DOPICO TRAXECTORIA

Compromiso coa cidade e coa innovación

Ramón Sánchez Dopico é coñecido pola empresa Pan Piana pero tamén desenvolveu ó longo da súa vida outras actividades, ademais de estar vinculado a institucións culturais e deportivas da cidade. Diario de Ferrol quixo premiar a súa enorme capacidade de traballo, de aprendizaxe e de continua innovación, o seu compromiso coa cidade e a súa admirable traxectoria. No seu emocionado discurso, este ferrolán referiuse a distintas entidades e persoas coas que estivo e está ligado e tamén á súa cidade, "la que más quiero del mundo", sentenciou.



Ramón Sánchez Dopico (Izq.) y Germán Castro E.A.

CÁTEDRA JORGE JUAN EDUCACIÓN

Unión de dúas institucións cruciais

A Armada e a Universidade da Coruña organizan xuntas, desde o ano 1994, un ciclo de intervencións que achega a Ferrol a conferenciantes de alto nivel. O xurado valorou o traballo nestes anos das dúas institucións, que rotan na dirección da actividade. A responsabilidade recaeu este ano sobre a profesora Araceli Torrès. No seu discurso, valorou o traballo dos mariños e profesores que a precederon no cargo, "que han conseguido dar a una joven institución un gran prestigio".



Araceli Torres y María Luísa Méndez E.A.

DETEGASA EMPRESA

Alta tecnoloxía naval feita en Valdoviño

Desarrollos Técnicos Industriales de Galicia (Detegasa) é unha empresa ubicada en Valdoviño, con 60 traballadores, que está especializada na fabricación de equipos para o sector naval, sobre todo medioambientais. Ó redor do 40% da súa produción expórtase ó estranxeiro. Tamén destaca polos seus proxectos de investigación, realizados en colaboración coa Xunta. O director financeiro da empresa, Edmundo Avendaño, agradeceu un galardón que "es un aliciente para seguir traballando" e dedicoullo ós seus traballadores.



Edmundo Avendaño y Juan Aneiros E.A.

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO CULTURA

Un intelectual galego en Londres

Fernando Pérez-Barreiro Nolla ten unha traxectoria vital abraiante, na que caben a BBC, a Organización Internacional do Café, as Universidades de Westminster e Thames Valley, as traducións do inglés e do chinés ó galego e, ante todo, o seu compromiso con Galicia desde Londres, onde reside desde hai décadas. "Agradezo este galardón da cidade na que nacín e na que recibín a miña primeira formación, que é a que deixa unha pegada máis fonda", comentou.



Fernando Pérez-Barreiro y Loureiro E.A.

DIABÉTICOS FERROLTERRA SOCIEDADE

Un apoio imprescindible para os afectados

A Asociación de Diabéticos de Ferrolterra presta un apoio impagable ós que padecen esta enfermidade e ás súas familias, con actividades que facilitan a convivencia coa diabetes, información sobre hábitos de comportamento e calquera asunto de interese sobre o tema e campamentos para nenos e maiores, entre outras propostas. Paula Romero é a presidenta desta entidade. No discurso que deu ó recoller o premio outorgado polo xurado da área de Sociedade quixo dedicar o galardón outorgado polo xurado a "todos los socios de la entidad".



Paula Romero y Manuel Ramos E.A.

RÍA FERROL DEPORTES

Atletismo feminino na elite española

O Club Atletismo Ría Ferrol é unha referencia galega e española no que se refire ó atletismo feminino. Levan na División de Honor nacional tres anos consecutivos -xa estiveran antes- e, na actualidade, sitúanse entre os oito mellores equipos do país. A entidade está presidida por Marcelino Crespo, quen dixo que o premio servíalle "para traballar con maior ahínco" e referiuse a unha paixón coa que forman ós rapaces "para competir en las pistas y, por ende, en la vida".



Marcelino Crespo y Carlos Bremón E.A.